

O Concello de Outes, abre o prazo de inscrición para o **CAMPAMENTO DE VERÁN 2022, OUTES CONCILIA** que se desenvolverá nas instalacións do edificio autónomo **CEIP Plurilingüe de Outes**.

Está dirixido as familias con menores de 3 anos (escolarizados) a 16 anos.

Prazas limitadas

Para a adxudicación das prazas terase en conta a orde dos seguintes criterios recollidos no artigo 8 do Regulamento do programa Outes Concilia:

1º criterio.-Familias con menores empadroados no Concello de Outes.

2º criterio.- Familias que aporten Informe Social que indique a necesidade do servizo en base a circunstancias socioeconómicas e familiares.

3º criterio.- Ser familias monoparentais ou familias numerosas.

4º criterio.- Familias con fillas/os de mulleres vítimas da violencia de xénero.

5º criterio.- Familias nas que algún das/os proxenitores teñan o seu posto de traballo no Concello de Outes.

6º criterio.- Familias doutros concellos cuxos menores gocen das vacacións neste concello.

O campamento abarca desde o 23 de xuño ao 7 de setembro, podendo as familias elixir as quendas que necesiten, quedando distribuídas da seguinte maneira co seu correspondente prezo público recollido na ordenanza:

1ª QUENDA: DO 23 DE XUÑO AO 1 DE XULLO (30€)

2ª QUENDA: DO 4 DE XULLO AO 15 DE XULLO (40€)

3ª QUENDA: DO 18 DE XULLO AO 29 DE XULLO (40€)

4ª QUENDA: DO 1 DE AGOSTO AO 12 AGOSTO (40€)

5ª QUENDA: DO 16 DE AGOSTO AO 26 DE AGOSTO (40€)

6ª QUENDA: DO 29 DE AGOSTO AO 7 DE SETEMBRO (30€)

O horario do campamento será de 8:00 a 16:00 horas. As familias poderán facer uso do servizo en función das súas necesidades permitindo a entrada e saídas flexibles. Para o bo desenvolvemento das actividades programadas, recoméndase a aquelas familias que non vaian a facer uso do horario completo do campamento, incorporarse ao mesmo sobre ás 10:00 h. e saída a partir das 13:30h.

Os menores teñen opción de almorzar e xantar no mesmo, sendo as familias as encargadas de aportar os alimentos, en termos e neveiras

Exención e bonificación.

Segundo as circunstancias da unidade familiar aplicaranse os seguintes descontos:

1.- Exención:

A emisión dun Informe Social do departamento de servizos sociais que indique a necesidade do servizo sen que haxa posibilidades económicas para aboar o custo do mesmo conlevará a exención da cota.

2.- Bonificación:

Cando asistan ao mesmo servizo varios irmáns de xeito simultáneo, o segundo irmán e sucesivos terán un desconto dun 50%.

Documentación a achegar:

Copia do libro de familia. No caso de tratarse de familias numerosas ou monoparentais acredítalo co título correspondente.

Copia da tarxeta sanitaria do/a participante.

Copias da declaración da renda do ano 2021 de ambos proxenitores.

Declaración responsable. Anexo I

Documentación acreditativa .Familias nas que algún das/os proxenitores teñan o seu posto de traballo no Concello de Outes.

O persoal técnico responsable do servizo poderá requirir outra documentación complementaria ou adicional que se precise.

Medidas de prevención e adaptación das actividades a covid-19

O Campamento de verán 2022 realizarase baixo as medidas de prevención e seguridade que sexan precisas, e tendo presente tamén o actual escenario tras a aprobación do Real Decreto 286/2022, de 19 de abril.

As persoas proxenitoras ou titoras do neno/a participante que obteña praza no campamento recibirán unha información detallada sobre as medidas específicas que se poñerán en marcha, de ser o caso. Así mesmo, deberán cubrir unha declaración responsable sobre a Covid-19 o inicio das quendas de ser necesario.

As solicitudes poden presentarse de xeito telemático, a través da sede electrónica do Concello de Outes (<https://outes.sedelectronica.gal>), ou de xeito presencial no Rexistro do Concello en horario de 9:00 a 14:00 horas de luns a venres. O prazo de inscrición do 16 ao 31 de maio.

Máis información no CIM de Outes, solicitando cita previa no número de teléfono 981850949.